

## INSTRUCCIÓN CONXUNTA 5/2019, DO 1 DE MARZO, DA XERENCIA E DA SECRETARÍA XERAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (no sucesivo, RXPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de 2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (no sucesivo, LOPDGDD), obrigan a implantar un conxunto de medidas tanto xurídicas como técnicas relativas á información obtida sobre datos persoais correspondentes a quen se relate a Universidade de Vigo (sexan estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, ou membros da cidadanía en xeral) desde o momento en que tales datos se recollen e ao longo de todo o tratamento sobre os mesmos.

A Secretaría Xeral e a Xerencia da Universidade de Vigo, conscientes da necesidade de documentar os tratamentos de datos persoais levados a cabo na nosa institución, coa finalidade última de garantir o cumprimento das obrigas materiais derivadas destas normativas vinculantes, decidiron ditar a presente instrucción.

### I. ÁMBITO SUBXECTIVO

Esta instrución será aplicable a todo o persoal da Universidade de Vigo

### II. DEFINICIONES

- **Persoa interesada:** toda persoa física identificada ou identifiable que se relate a Universidade de Vigo.
- **Datos persoais:** toda a información en poder da Universidade de Vigo sobre unha persoa interesada.
- **Tratamento de datos persoais:** calquera operación ou conxunto delas realizada sobre os datos persoais ou un conxunto de eles.
- **Responsable do tratamento:** todo aquel que determine os fins e os medios de tratamiento dos datos que obran no seu poder. No noso caso, a Universidade de Vigo.
- **Encargado do tratamento:** persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que trate datos persoais por conta do responsable do tratamento (como sucede por exemplo cos servizos externos, empresas ou autónomos que contratan coa Universidade). Implica unha cesión externa de datos.
- **Delegado de Protección de Datos (DPD):** figura independente e con deber de segredo coas funcións, entre outras, de informar e asesorar ao responsable do tratamento, así como levar a cabo actividades de supervisión, formación e concienciación.
- **Usuarios:** toda persoa que no exercicio das súas competencias trata datos de carácter persoal.
- **Destinatario:** persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo a quen se comuniquen datos persoais.
- **Consentimento da persoa interesada:** manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que se acepta o tratamento dos datos persoais propios. Debe ser explícito.
- **Autoridade de control:** autoridade pública independente establecida por un Estado membro segundo o disposto no artigo 51 do RXPD. No caso de España é a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

### III. COMPETENCIAS

1. A Secretaría Xeral, en colaboración co Delegado/a de Protección de Datos, será a responsable de adaptar a regulación existente na Universidade de Vigo sobre o tratamento de datos persoais ás obrigas que inclúan o RXPD e a LOPDGDD.
2. A Xerencia coordinará e convocará aos diferentes grupos de traballo que se precisen para realizar as tarefas de carácter administrativo e técnico destinadas a axustar o tratamento de datos persoais na Universidade de Vigo á normativa vixente, proporcionando a formación necesaria a todo o persoal implicado en ditas tarefas, coa intervención e asesoramento, en particular, do Delegado de Protección de Datos e coa colaboración da Secretaría Xeral. Corresponde á Xerencia a autorización ou denegación de cesións de datos de carácter persoal ao persoal empregado da Universidade de Vigo que polas súas competencias non lle corresponde acceder a ditos datos.
3. A Vicerreitoría competente en materia de tecnoloxías da información, será a responsable do deseño e da implantación das medidas de seguridade necesarias para garantir o efectivo cumprimento da normativa nas actividades de tratamiento sobre datos persoais que se levan a cabo na Universidade de Vigo.
4. As xefaturas de servizo, as administracións de centros e as persoas responsables das diferentes áreas, oficinas ou estruturas organizativas da Universidade de Vigo terán as competencias que se lles atribúen na presente Instrucción en relación coa implantación das medidas de tratamiento de datos de carácter persoal ás que se refire a mesma.
5. A Unidade de Análises e Programas coordinará os pedimentos de datos estatísticos e enquisas formulados por organismos externos á Universidade de Vigo. Se a información solicitada implica unha cesión a terceiros de datos persoais, será previamente supervisada a súa licitude polo Delegado/a de Protección de Datos.

### IV. REXISTRO DAS ACTIVIDADES DE TRATAMIENTO (RAT)

Os artigos 30 do RXPD e 31 da LOPDGDD, obrigan a levar a cabo un Rexistro de Actividades de Tratamiento (RAT), que deberá ser posto a disposición da AEPD cando sexa requirido. O RAT debe estar permanentemente actualizado e dispoñible nun formato claro e flexible que facilite a súa comprensión por parte de terceiros. Trátase dun documento vivo, que **precisa revisión e actualización continua**.

Este documento é a base para identificar con precisión os tratamentos que se levan a cabo na Universidade de Vigo. Posteriormente, o RAT permitirá á Vicerreitoría competente en tecnoloxías da información, estudar e elaborar as medidas técnicas de seguridade que deberán implantarse ou mellorarse.

As xefaturas de servizo, as administracións de centros e as persoas responsables das diferentes áreas, oficinas ou estruturas organizativas da Universidade de Vigo son responsables da elaboración e actualización das actividades de tratamiento relacionadas coas funcións propias da súa competencia e para a súa incorporación ao RAT. Así mesmo, deberán engadir ás fichas do RAT os Encargados de Tratamento relacionados coas actividades de tratamiento correspondentes ao seu ámbito e funcións.

A continuación se indican algunas das actividades de tratamiento de carácter persoal que deberán ser elaboradas polos responsables dos servizos, unidades ou estruturas organizativas sinalados.

## Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación

- Actividade de gravación, tratamiento audiovisual e contidos multimedia
- Actividade de atención ao usuario
- Actividade de equipamento e infraestruturas TIC
- Actividade de identidade dixital

## Biblioteca universitaria

- Actividade da biblioteca universitaria

## Equipo de goberno

- Actividade de xestión de eventos e protocolo

## Oficina de Relacións Internacionais ORI

- Actividade de relacións internacionais

## Secretaría xeral

- Actividade de atención ao exercicio de dereitos de protección de datos
- Actividade do arquivo universitario
- Actividade de asesoría xurídica
- Actividade de derecho de acceso á información pública
- Actividade do censo electoral
- Actividade de xestión de convenios
- Actividade de órganos de goberno e representación
- Actividade do rexistro

## Servizo de apoio á investigación e desenvolvemento e Oficina de I+D

- Actividade de promoción e xestión de I+D e a transferencia

## Servizo de axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos

- Actividade de xestión de bolsas e axudas ao estudo

## Servizo de Extensión Universitaria

- Actividade de extensión universitaria
- Actividade de benestar e deporte
- Actividade de voluntariado e cooperación
- Actividade de integración e diversidade
- Actividade de asociacións de estudiantes
- Actividade de Campus Camp

## Áreas de servizos á comunidade dos campus de Ourense e Pontevedra

- Actividade de escolas infantís

## Servizo de Persoal de Administración e Servizos e Servizo de Persoal Docente e Investigador

- Actividade de xestión de recursos humanos
- Actividade de xestión de selección e provisión de postos de traballo

## Servizo de prevención de riscos laborais

- Actividade de servizos médicos
- Actividade de prevención de riscos laborais

## Servizo de retribucións e seguros sociais

- Actividade de retribucións, seguros sociais e pensións

## Servizo de retribucións e seguros sociais, Servizo de axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos

- Actividade da acción social

## Servizo de xestión de estudos de grao, Servizo de xestión de estudos de posgrao, Servizo de extensión universitaria, Servizo de axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos

- Actividade de xestión académica

## Servizo de xestión económica e contratación, Servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría

- Actividade de xestión económica, orzamentaria e de contratación

## Unidade de análises e programas

- Actividade de xestión de queixas, suxestións e parabéns

## Unidade de emprego e emprendemento

- Actividade de prácticas externas e empregabilidade

## Xerencia

- Actividade de videovixilancia

## Unidade de igualdade

- Actividade de igualdade

## Defensor universitario

- Actividade do Defensor universitario

As actividades de tratamiento de datos de carácter persoal non comprendidas no listado desta instrución deberanse comunicar coa maior diligencia posible á Xerencia, quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, previa consulta á Secretaría Xeral e ao Delegado/a de Protección de Datos.

Tanto o documento que se incorpore ao RAT como as súas posibles actualizacións deberán remitirse á Secretaría Xeral para a súa revisión polo Delegado de Protección de datos e a súa posterior publicación na páxina web.

O Anexo I recolle o formulario relativo ao RAT.

## V. CUMPRIMENTO DO DEREITO DE INFORMACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS

Os artigos 13 e 14 do RXPD e o artigo 11 da LOPDGDD, contemplan o dereito de información as persoas interesadas no momento de recollida dos seus datos persoais nos diferentes procedementos. Os datos persoais requiridos deben ser adecuados, pertinentes e limitados ao imprescindible en relación cos fins para os que se pretende o seu tratamento. O principio de transparencia esixe ademais que toda información e comunicación relativa ao tratamento de datos de carácter persoal sexa accesible e dada de entender, cunha linguaxe sinxela e clara.

Para dar adecuado cumprimento a este derecho, a AEPD recomenda que a información se facilite á persoa interesada por capas ou niveis:

- **Información básica sobre protección de datos (primeira capa):** deberá figurar de forma visual en todos os formularios de recollida de datos, tanto electrónicos coma en papel. Recollerá obrigatoriamente:
  - información sobre a identidade do/da Responsable do Tratamento,
  - a finalidade do tratamiento que deberá ser explícito,
  - a lexitimación ou base xurídica do tratamiento que si se trata dunha obriga legal deberá ser obrigatoriamente unha norma de derecho da UE ou unha norma con rango de lei,
  - os destinatarios (relativos a cesións ou transferencias) dos datos,
  - osdereitos das persoas interesadas e
  - a procedencia dos datos (se proceden ou non da persoa interesada).Se os datos non proceden da persoa interesada deberán engadirse as categorías dos datos obxecto do tratamiento e as fontes de procedencia.
- **Información adicional sobre protección de datos (segunda capa):** detalla a información básica referida anteriormente e figurará obrigatoriamente para as solicitudes electrónicas co enlace da páxina web sobre a información de protección de datos (<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>). Para as solicitudes en formato papel dita información deberá figurar completa ao reverso dos formularios ou nunha folla aparte.

As xefaturas de servizo, as administracións de centros e as persoas responsables das diferentes áreas, oficinas ou estruturas organizativas da Universidade de Vigo son os responsables competentes para elaborar e incorporar aos diferentes procedementos que conteñan formularios de recollida de datos de carácter persoal a información proposta na presente Instrucción.

Ditos documentos deberán remitirse á Secretaría Xeral, onde se recollerán para o seu posterior envío ao Delegado/a de Protección de Datos, que os supervisará.

**O Anexo II** recolle o formato de texto para a súa incorporación en tódolos formularios de recollida de datos e un exemplo.

## VI. CONSENTIMENTO

Non sempre é obrigatorio solicitar o consentimento da persoa interesada para realizar actividades de tratamento dos seus datos persoais. Dependerá dos fins específicos do tratamiento.

O tratamento de datos persoais é lícito sen consentimento cando é necesario:

- para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte,
- ou para o cumprimento dunha obrigación legal aplicable á Universidade de Vigo (debe ser unha norma de Dereito da UE ou unha norma con rango de lei)
- ou para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra persoa física,
- ou para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á Universidade de Vigo (cando derive dunha competencia atribuída por unha norma con rango de lei)
- ou para a satisfacción de intereses lexítimos perseguidos.

Sen embargo cando o tratamento requira o consentimento da persoa interesada, a Universidade de Vigo **debe poder probar que a persoa interesada consentiu**.

A recollida do consentimento da persoa interesada debe presentarse de xeito que se distinga claramente dos demais asuntos, debendo resultar facilmente intelixible e accesible, utilizando unha linguaxe clara e sinxela, tendo dereito a persoa interesada a retirar o seu consentimento en calquera momento. O consentimento sempre será explícito

As xefaturas de servizo, as administracións de centros e as persoas responsables das diferentes áreas, oficinas ou estruturas organizativas da Universidade de Vigo deberán en primeira instancia detectar se hai algúun tratamento que se estea realizando e requira a recollida de consentimentos.

Para isto, deberá comunicalo á Xerencia que informará á Secretaría Xeral e ao delegado de protección de datos para a súa supervisión.

## VII. TEXTO LEGAL INFORMATIVO NA SINATURA DO CORREO ELECTRÓNICO

Recoméndase ao persoal da Universidade de Vigo que inclúa na sinatura do seu correo electrónico institucional un texto legal de carácter xeral que informe aos destinatarios das mensaxes sobre aspectos básicos relativos á confidencialidad e á protección de datos de carácter persoal.

**O Anexo III** inclúe un modelo do devandito texto.

## VIII. CONTRATOS PARA ENCARGADOS DO TRATAMENTO

Todos os contratos con Encargados de Tratamento deberán conter as cláusulas correspondentes, adaptadas ás esixencias do RXPD:

- **Contratos asinados con Encargados de Tratamento antes do 25 de maio de 2018:** (disposición transitoria 5ª da LOPDGDD)
  - Se compren cos requisitos do art 12 da anterior normativa (LO 15/1999) non se modifican.
  - Se o pide calquera das partes si é necesario modificalos.
  - Os indefinidos hai que modificalos como data máxima o 25 de maio de 2022.

As persoas responsables dos contratos asinados antes do 25 de maio de 2018 deberán atender a estes requisitos.
- **Contratos asinados con Encargados de Tratamento desde o 25 de maio de 2018:**

As cláusulas de encargados de tratamiento para a protección de datos de carácter persoal serán incorporadas aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documentos equivalentes segundo o procedemento para a adxudicación dos contratos.

O servizo de contratación é o responsable de atender este requisito que o remitirá, durante a tramitación previa do expediente, á Xerencia quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, previa supervisión do Delegado/a de Protección de Datos.

En relación aos contratos menores: As persoas responsables dos diferentes centros de gasto, son os responsables en primeira instancia para detectar encargados de tratamiento contratados pola aplicación de pedidos. Previo ao encargo da prestación, deberase enviar a proposta do contrato de encargado de tratamiento á Xerencia quen decidirá sobre a súa adecuación á normativa sobre protección de datos, previa supervisión do Delegado/a de Protección de Datos.
- **Información que deberá concretarse no modelo de contrato de encargado de tratamiento do anexo IV:** identificación no encabezado da persoa física ou xurídica encargada do tratamiento, cláusulas 1 e 2 relativas ao obxecto do encargo do tratamiento e á identificación da información afectada.
- **Órganos competentes para asinar os contratos de encargados de tratamiento de datos persoais:**

Para os contratos de encargados de tratamiento de datos persoais anexos aos contratos administrativos establecidos na normativa de contratación do sector público atenderase ao disposto na Resolución Reitoral de delegación de competencias da Universidade de Vigo.

Respecto dos demais contratos ou acordos de encargados de tratamiento non relacionados cos anteriores contratos será competente para a súa sinatura o Reitor.

O Anexo IV incorpora as cláusulas para contratos con encargados de tratamiento.

## IX. CLÁUSULAS PARA CONVENIOS

Os diferentes modelos de convenios da Universidade de Vigo con institucións ou organismos deben incluír o correspondente clausulado de protección no tratamento de datos persoais adaptado ao RXPD.

As Vicerreitorías, os servizos e as diferentes estruturas que impulsen calquera tipo de convenios da Universidade de Vigo son os órganos que en primeira instancia deberán detectar se implican cesións de datos persoais por conta de terceiros. Neste caso habería que engadir aos convenios o contrato de encargado de tratamiento indicado no anexo IV e dita circunstancia a porán en coñecemento da Secretaría Xeral para ser revisados previamente á súa sinatura polo Delegado/a de Protección de Datos.

En relación aos **convenios con países non pertencentes á Unión Europea e non declarados adecuados** deberá utilizarse preferentemente a cláusula sinalada no anexo VII relativa ao consentimento explícito da persoa interesada para a transferencia de datos persoais a ditos países, de xeito que terá que ser informada previamente dos posibles riscos para ela das devanditas transferencias debido á ausencia dunha decisión de adecuación ou das garantías adecuadas. Este consentimento explícito e información efectuada á persoa interesada constará por escrito no formulario de recollida dos seus datos ou nun documento elaborado ao efecto.

Excepcionalmente e para este tipo de convenios con países non pertencentes á Unión Europea e non declarados adecuados, poden existir outra serie de cláusulas que substitúen á antedita, que en caso de estimarse alguma delas más apropiada, deberán ser previamente supervisadas polo Delegado/a de Protección de Datos, correspondendo ás partes acreditalas en todos os seus extremos. Estas cláusulas son as seguintes:

- a transferencia é necesaria para a execución dun contrato entre a persoa interesada e o responsable do tratamento ou para a execución de medidas precontractuais adoptadas a solicitude da persoa interesada;
- a transferencia é necesaria para a celebración ou execución dun contrato entre o responsable do tratamento e outra persoa física ou xurídica, no interese do titular dos datos persoais;
- a transferencia é necesaria por razóns de interese público recoñecidas polo Dereito europeo ou polo Dereito nacional aplicable ao responsable do tratamento;
- a transferencia é necesaria para a formulación, o exercicio ou a defensa de reclamacións;
- a transferencia é necesaria para protexer os intereses vitais da persoa interesada, ou doutras persoas, cando aquela estea física ou xuridicamente incapacitada para dar o seu consentimento.

**Os Anexos V, VI e VII** inclúen modelos diferentes, en dependencia dos países destinatarios.

(En relación ao convenios con países non pertencentes a UE e non declarados adecuados e que se corresponde co anexo VII, deberanse engadir no formulario de recollida de datos da persoa interesada ou elaborar nun documento ao efecto, a cláusula relativa ao consentimento explícito sinalada no mesmo)

## X. CONVOCATORIAS

As convocatorias da Universidade de Vigo deberán engadir o texto legal actualizado á normativa actual de protección de datos ou un enlace do mesmo, identificando adecuadamente as finalidades e lexitimación das mesmas.

Ditos documentos deberán remitirse previos á súa publicación á Secretaría Xeral, onde se recollerán para o seu posterior envío ao Delegado/a de Protección de Datos, que os supervisará.

O Anexo VIII inclúe un formulario tipo adecuado á normativa actual de protección de datos.

## XI. IDENTIFICACIÓN DE PERSOAS INTERESADAS NAS NOTIFICACIÓNS POR MEDIO DE ANUNCIOS E PUBLICACIÓNS DE ACTOS ADMINISTRATIVOS

O persoal da Universidade de Vigo, dentro das súas respectivas competencias, deberá ter en conta o disposto na disposición adicional séptima, apartado 1 da LO 3/2018 en relación á publicación de actos administrativos ou listados de convocatorias ou outro tipo de documentación onde figuren datos de carácter persoal. Así mesmo terase en conta para notificacións por medio de anuncios.

## XII. PROCEDIMENTO PARA O EXERCICIO DE DEREITOS

A persoa interesada como titular dos seus datos terá derecho a exercitar ante o Reitor da Universidade de Vigo o acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos seus datos persoais. A Secretaría Xeral será o órgano encargado da tramitación do procedemento.

A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos polos seguintes medios:

- De forma presencial: mediante solicitude escrita dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo, coa referencia “protección de datos” asinada e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo ou ante algún dos rexistros ou oficina de correos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. A persoa interesada poderá utilizar o formulario dispoñible no seguinte enlace da páxina web da Universidade de Vigo, para a súa descarga [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/3636](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3636), ou ben dita solicitude deberá acreditar o seguinte contido:
  - Nome e apelidos da persoa interesada.
  - Acreditación da identidade mediante copia do DNI, NIE ou pasaporte.
  - Documento acreditativo da representación, no seu caso.
  - Pedimento en que se concreta a solicitude e derecho a exercitar.
  - Enderezo a efectos de notificacións.
  - Documentos acreditativos do pedimento que formula, no seu caso.
  - Lugar, data e sinatura do solicitante.
- De forma electrónica: mediante a solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo que deberá acreditar o contido determinado na mesma e conforme aos requisitos sinalados na normativa de sede electrónica da Universidade de Vigo.

Se a solicitude non reúne os requisitos necesarios, e/ou houbese dúbidas razoables sobre a identidade da persoa solicitante, a Universidade de Vigo concederalle un prazo de 10 días hábiles para que complete os datos da solicitude ou para que aporte a información adicional necesaria para confirmar a súa identidade, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistida da súa petición, previa resolución ditada ao efecto.

A Secretaría Xeral, no seu caso, solicitará da correspondente xefa ou xefe de servizo, administradora ou administrador de centros e persoa responsable da estrutura organizativa que corresponda, a emisión do informe e/ou documentación que proceda relativo á petición do derecho exercitado, que deberá ser enviado sen dilación e no prazo máximo de 10 días hábiles, sendo incorporado á resolución do procedemento.

A Universidade de Vigo deberá responder á solicitude con independencia de que figuren ou non datos persoais da persoa interesada nos seus ficheiros, debendo utilizar calquera medio que permita acreditar o envío e a recepción.

A Universidade de Vigo deberá satisfacer os dereitos sen dilación indebida, e en todo caso, responderá ás solicitudes no prazo dun mes desde a súa recepción. Este prazo poderá prorrogarse outros dous meses en caso necesario, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes. A persoa interesada será informada das prórrogas no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude, indicando os motivos da dilación. No caso de que a Universidade de Vigo non dea curso á solicitude da persoa interesada, informaralle no prazo de resposta preceptivo, das razóns da súa non actuación e da posibilidade de presentar unha reclamación ante a AEPD.

A persoa interesada poderá dirixirlle a súa solicitude ao DPD ao endereço electrónico [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal) con carácter previo á presentación dunha reclamación contra a Universidade de Vigo ante a AEPD.

**O Anexo IX** incorpora un formulario para o exercicio de dereitos de carácter persoal.

### XIII. POSTO DE TRABALLO.

#### Código de usuario e contrasinais

- Son persoais e intransferibles. Non os comparta ni permita o acceso ás aplicacións doutras persoas co seu contrasinal.
- Gárdeos nun lugar seguro. Non os deixe nun lugar visible.
- Cambie anualmente os seus contrasinais.
- Remita un correo ao seu superior para xestionar a súa baixa nas aplicacións no caso de cambio de ámbito/área/servizo/unidade.

#### Posto de traballo

- Non deixe documentos con información persoal sobre a mesa.
- Non permita que persoas externas accedan á vista de información.
- Se vai a ausentarse do posto de traballo bloquee o ordenador incorporando salva pantallas (por exemplo: WIN+L) e comprobe se hai información de carácter persoal sobre o seu escritorio e se é así colóquea dentro dunha carpeta ou nun lugar seguro.
- Destrua de xeito seguro a documentación que conteña datos persoais e que non necesite.
- Non reutilice documentos con datos persoais como soporte para borradores.
- As pantallas dos ordenadores non deben estar situadas de xeito que podan ser vistas por persoas externas.

- Non facilite datos persoais a través do teléfono.

#### Impresoras

- Sitúeas no interior dos servizos de ser posible ou manteña o acceso controlado.
- Non deixe follas con información persoal sobre as impresoras.
- Non deixe documentos en cola de impresión.

#### Enderezos electrónicos

- Recoméndase incorporar a información sobre protección de datos que se indica na instrución se realiza as súas comunicacións con terceiros.
- Utilice listas ocultas cando deba remitir o mesmo correo a un número indeterminados de persoas.

A Xerenta

Raquel María Souto García

O Secretario Xeral

Miguel Ángel Michinel Álvarez

## ANEXO I

### REXISTRO DE ACTIVIDADES DE TRATAMIENTO

<b>RESPONSABLE DO TRATAMENTO E DELEGADO DE PROTECCIÓN</b>	
Responsable do Tratamento	CIF Q8650002B Universidade de Vigo Edificio Exeria Campus universitario Lagoas-Marcosende s/n 36310 Vigo – Pontevedra +34 986 812 000 <a href="mailto:informacion@uvigo.gal">informacion@uvigo.gal</a> <a href="https://www.uvigo.gal/">https://www.uvigo.gal/</a>
Delegado de Protección de Datos	Pintos & Salgado Abogados S.C.P. Avda de Arteixo, 10 – 1º esq 15004 A Coruña +34 981 227 076 <a href="mailto:dpd@uvigo.gal">dpd@uvigo.gal</a>

<b>ACTIVIDADE DE TRATAMIENTO</b>	<b>Descripción da actividade de tratamiento</b>
Finalidade	Finalidade detallada da actividade de tratamiento
Lexitimación	Base xurídica do tratamento (especificar as obrigas legais)
Pessoas interesadas	Listado de persoas interesadas e/ou afectadas pola actividade de tratamiento
Categorías de datos	<p>Tipos de datos xestionados no tratamento:</p> <p><u>Datos de identidade</u> (exemplo: nome e apelidos, DNI/NIF/Taxeira Universitaria Intelixente/Pasaporte, número de rexistro de persoal, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono, sinatura, sinatura electrónica, número da Seguridade Social/Muface, etc..)</p> <p><u>Datos de características persoais</u> (exemplo: sexo, idade, data e lugar de nacemento, etc...)</p> <p><u>Datos especiais</u> (artigo 9 do RXPD: orixe étnico ou racial, opinión políticas, conviccións relixiosas e filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos, relativos á saúde, vida sexual ou orientación sexual)</p> <p><u>Datos de circunstancias familiares</u> (exemplo: familia numerosa, etc...)</p> <p><u>Datos económicos e financeiros</u> (exemplo: datos bancarios, declaración da renda e de patrimonio da unidade familiar, datos económicos de nóminas, etc...)</p> <p><u>Datos académicos e profesionais</u> (exemplo: formación académica, situación laboral e detalle do emprego, etc...)</p> <p><u>Outros</u> (exemplo: infraccións administrativas, dirección IP, imaxe, voz, etc...)</p>
Destinatarios	(se corresponde) Identificación dos destinatarios a quen se comunicaron ou comunicarán os datos persoais (exemplo: Ministerios da administración

	xeral do Estado, Consellarías da administración autonómica de Galicia, Entidades financeiras, etc...)
Transferencias internacionais previstas	(se corresponde) Detalle das transferencias internacionais de datos previstas: países, lexitimación etc..
Prazo de supresión	Consérvanse durante o tempo necesario para cumplir coa finalidade para a que se recollerón e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación.
Medidas de seguridade	Deben cumplir co disposto no RD 3/2010, de 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
Responsable interno do tratamiento	(Nome do servizo, unidade ou estrutura): (por exemplo Área TIC, Biblioteca universitaria, Secretaría Xeral, Servizo de Extensión Universitaria, Unidade de Análises e Programas, etc...) (Endereço postal) (Endereço electrónico) (Teléfono)
Encargado do tratamiento	No seu caso (este apartado non será publicado na web)

## ANEXO II

### INFORMACIÓN ÁS PERSOAS INTERESADAS NOS FORMULARIOS DE RECOLLIDA DE DATOS

#### Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar (*Descripción sencilla dos fins do tratamento*)

Lexitimación: (*Definir cal é a base xurídica do tratamiento. A obliga legal debe ser unha norma con rango de lei*)

Cesións: (*Previsión ou non de cesións*) e (*Previsión ou non de transferencias a terceiros países*)

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercitar os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamiento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: (*da propia persoa interesada ou a súa representación legal*) ou (*doutras empresas ou institucións, concretar cales*)

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

*Exemplo:*

#### Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar o sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo.

Lexitimación: o tratamiento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercitar os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamiento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou a súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---

#### Información básica sobre la protección de sus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidad: gestionar (*Descripción sencilla de los fines del tratamiento*)

Legitimación: (*Definir cuál es la base jurídica del tratamiento. La obligación legal debe ser una norma con rango de ley*)

Cesiones: (*Previsión o no de cesiones*) y (*Previsión o no de transferencias a terceros países*)

Derechos: las personas interesadas podrán ejercitar los siguientes derechos: Acceso, rectificación, supresión, limitación del tratamiento, oposición y, en su caso, portabilidad de los datos.

Procedencia de la información: (*de la propia persona interesada o su representación legal*) o (*de otras empresas o instituciones, concretar cuales*)

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

## ANEXO III

### TEXTO LEGAL INFORMATIVO EN PROTECCIÓN DE DATOS PARA MENSAXES ELECTRÓNICAS

A información incluída no presente correo electrónico é confidencial, sendo para o uso exclusivo da persoa destinataria.

En virtude do artigo 14 do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD) e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos (LOPDGDD), informámosselle que os seus datos de contacto están sendo tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo coa finalidade de envío de resposta a comunicáis e contactos xenéricos mediante o correo electrónico.

Vostede ten dereito a solicitarnos, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse a dito tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Máis información en: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

---

La información incluida en el presente correo electrónico es confidencial, siendo para uso exclusivo de la persona destinataria.

En virtud del artículo 14 del Reglamento (UE) 2016/679 (RGPD) y del artículo 11 de la Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos (LOPDGDD), le informamos que sus datos de contacto están siendo tratados bajo la responsabilidad de la Universidad de Vigo con la finalidad de envío de respuesta a comunicaciones y contactos genéricos mediante el correo electrónico.

Usted tiene derecho a solicitarnos, en cualquier momento, el acceso, rectificación o supresión de sus datos personales y la limitación de su tratamiento. También tendrá derecho a oponerse a dicho tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interés público y/o ejercicio de poderes públicos, la portabilidad de sus datos.

Máis información en: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

## ANEXO IV

### CONTRATO DE ENCARGADOS DE TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS

#### Dunha parte

Manuel Joaquin Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, do 8 de xuño de 2018, en representación da **UNIVERSIDADE DE VIGO**, co CIF Q8650002B e co endereço en Campus Universitario Lagoas-Marcosende s/n, 36310, Vigo, Pontevedra, en diante **Responsable do Tratamento**.

#### Doutra parte

(nome), (cargo) en representación da (**empresa/organismo**), co CIF ( ) e co endereço en ( ) en diante **Encargada/o do Tratamento**.

#### 1. Obxecto do encargo do tratamento.

Mediante as presentes cláusulas habilitase á/ao encargada/o do tratamento, para tratar por conta da responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para prestar o servizo obxecto do contrato

Conforme ao exixido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD) e ademais, en relación a España, conforme á Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)

O tratamento consistirá nas seguintes concreciones a realizar: recollida, rexistro, estruturación, comunicación, modificación, conservación, extracción, consulta, transmisión, difusión, destrución, interconexión, cotexo, limitación, supresión, outros..(borrar o que non proceda) dos datos de carácter persoal sinalados no punto 2.

#### 2. Identificación da información afectada.

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste encargo, a responsable do tratamento, pon a disposición da/o encargada/o do tratamento, a información que se describe a continuación:

Tipoloxía de Datos	Categoría de persoas interesadas
<u>Datos de identidade</u> (exemplo: nome e apelidos, DNI/NIF/Pasaporte, endereço postal, endereço electrónico, teléfono, sinatura, número da Seguridade Social/Muface, etc..)	
<u>Datos de características persoais</u> (exemplo: sexo, idade, data e lugar de nacemento, etc...)	Alumnado
<u>Datos especiais</u> (artigo 9 do RXPD: orixe étnico ou racial, opinión políticas, conviccións relixiosas e filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos, relativos á saúde, vida sexual ou orientación sexual)	Persoal de administración e servizos
<u>Datos de circunstancias familiares</u> (exemplo: familia numerosa, etc...)	Persoal docente e investigador
<u>Datos económicos e financeiros</u> (exemplo: datos bancarios, declaración da renda e de patrimonio da unidade familiar, datos económicos de nóminas, etc...)	Outras persoas físicas
<u>Datos académicos e profesionais</u> (exemplo: formación académica, situación laboral e detalle do emprego, etc...)	
<u>Outros</u> : imaxe, voz, etc..	

### 3. Duración.

O presente acordo ten unha duración polo tempo establecido para a prestación dos servizos.

Unha vez finalice o presente contrato, a/o encargada/o do tratamento debe devolver á Universidade de Vigo, os datos persoais e suprimir calquera copia que estea no seu poder.

### 4. Obrigas do/a Encargado/a do Tratamento.

A/o encargada/o do tratamento e todo o seu persoal obríganse a:

- I. Utilizar os datos persoais obxecto do tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- II. Tratar os datos de acordo coas instrucións da responsable do tratamento.  
Se o/a encargada/o do tratamento considera que algúna das instrucións infrinxe o RXPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, a encargada informará inmediatamente á Universidade de Vigo.
- III. Levar por escrito, un rexistro<sup>1</sup> de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta da Universidade de Vigo, que conteña:
  1. O nome e os datos de contacto da encargada e da responsable do tratamento por conta da cal actúe a/o encargada/o e do/a Delegado/a de Protección de Datos.
  2. As categorías de tratamentos efectuados por conta da responsable do tratamento.
  3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de dito terceiro país ou organización internacional e, no seu caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RXPD, a documentación de garantías adecuadas.
  4. Unha descripción xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
    - a) A seudonimización e o cifrado de datos persoais
    - b) A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
    - c) A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
    - d) O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.
- IV. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

A/o encargada/o pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento da mesma responsable, de acordo coas instrucións da Universidade de Vigo. Neste caso, a responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos a comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se a/o encargada/o debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará á Universidade de

<sup>1</sup> As obrigas indicadas nos apartados 1 e 2 non se aplicarán a ningunha empresa nin organización que empregue a menos de 250 persoas, salvo que o tratamento que realice poida supoñer un risco para os dereitos e as liberdades das persoas interesadas, non sexa ocasional, ou inclúa categorías especiais de datos persoais indicadas no artigo 9, apartado 1 do RXPD, os datos persoais relativos a condenas e infraccións penais a que se refire o artigo 10 de dito Regulamento (art 30.5 RXPD)

Vigo desa exixencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

- V. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos da/o encargada/o.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito á Universidade de Vigo, con antelación ao comezo das prestacións obxecto do contrato. Indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá levarse a cabo se a responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O/a subcontratista, que tamén terá a condición de encargada/o do tratamento, está obrigado igualmente a cumplir as obrigas establecidas neste documento para o/a encargado/a do tratamento e as instrucións que dite a Universidade de Vigo. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do/a subencargado/a, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante a Universidade de Vigo no referente ao cumprimento das obrigas.

- VI. Manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivera acceso en virtude do presente encargo, incluso despois de que finalice o seu obxecto.
- VII. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de xeito expreso e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumplir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarlles convenientemente.
- VIII. Manter a disposición da responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.
- IX. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- X. Asistir á responsable do tratamento que con carácter xeral dará resposta ao exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Cando as persoas interesadas exerzan os dereitos ante a/o encargada/o do tratamento, esta deberá comunicarillo sen dilación á responsable do tratamento e en ningún caso mais alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude.

A responsable do tratamento solicitará da/o encargada/o do tratamento, no seu caso, un informe relativo á petición do derecho correspondente que poderá ser acompañado da documentación ou información que poida ser relevante. Dito informe deberá ser emitido no prazo máximo de **10 días hábiles**. O informe emitido poderá ser incorporado á resolución do procedemento.

A/o encargada/o do tratamento tamén poderá resolver ditas solicitudes se llo indica expresamente a responsable do tratamento e respectando os prazos e o procedemento estipulado no Regulamento (UE) 2016/679 e na normativa propia da Universidade de Vigo. É necesario que a persoa interesada acredite a súa identidade aportando copia do seu DNI ou pasaporte para poder realizar as comprobacións oportunas. A resposta ás solicitudes do exercicio de dereitos realizaranse no mesmo formato que utilice a persoa interesada, a menos que solicite que proceda doutro xeito.

Así mesmo as persoas interesadas poderán poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo no que respecta a tódalas cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais e ao exercicio dos seus dereitos a través do correo electrónico [dpd@uvigo.es](mailto:dpd@uvigo.es)

- 
- XI. Dereito de información. A/o encargada/o do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información se debe consensuar coa Universidade de Vigo antes do inicio da recollida dos datos.
  - XII. Notificación de violación da seguridade dos datos.

A/o encargada/a do tratamento notificará á Axencia Española de Protección de datos e comunicará a Xerencia da Universidade, sen dilación indebida, e en calquera caso no prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, coma mínimo, a información seguinte:

- a) Descripción da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de persoas interesadas afectadas, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- b) Nome e os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Descripción das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Descripción das medidas adoptadas ou propostas para por remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de xeito gradual sen dilación indebida.

Cando sexa probable que a violación supoña un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, corresponde á responsable do tratamento comunicar en menor tempo posible as violacións da seguridade dos datos as persoas interesadas.

A comunicación debe realizarse nunha linguaxe clara e sinxela e deberá, coma mínimo:

- a) Explicar a natureza da violación de datos.
- b) Indicar o nome e os datos de contacto do Delegado de Protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Describir as posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Describir as medidas adoptadas ou propostas polo responsable do tratamento para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

- XIII. Dar apoio á responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando proceda.
- XIV. Dar apoio á responsable do tratamento na realización das consultas previas á Autoridade de Control, cando proceda.
- XV. Pór a disposición da responsable do tratamento toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen a responsable ou outro auditor autorizado polo mesmo.
- XVI. Implantar as medidas de seguridade establecidas na normativa da Unión Europea ou española e en todo caso deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, no caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

XVII. De ser o caso, designar un Delegado de Protección de Datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Universidade de Vigo.

Segundo o artigo 37.1 do RXPD o Delegado de Protección de Datos debe designarse cando o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, cando as actividades principais do responsable ou da/o encargada/o consistan en operacións de tratamiento que, en razón a súa natureza, alcance e /ou fins, requiran unha observación habitual e sistemática de persoas interesadas a gran escala ou cando as actividades principais do responsable ou do encargado consistan no tratamiento a gran escala de categorías especiais de datos segundo o disposto no artigo 9 do RXPD

XVIII. Destino dos datos: Devolver á Universidade de Vigo os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado.

Non obstante, a/o encargada/o pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

## 5. Obrigas da Universidade de Vigo

Correspónelle á Universidade de Vigo, como responsable do tratamento:

- a) Entregar á/o encargada/o os datos aos que se refire a cláusula 2 deste documento.
- b) Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamiento a realizar pola/o encargada/o.
- c) Realizar as consultas previas que corresponda.
- d) Velar, de forma previa e durante todo o tratamiento, polo cumprimento do RXPD por parte da/o encargada/o.
- e) Supervisar o tratamiento, incluída a realización de inspeccións e auditorías

Ambas as partes, en proba da súa conformidade, asinan o presente acordo.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

Universidade de Vigo

O Reitor

Por Delegación (      )

(nome)

ENCARGADA/O DO TRATAMENTO

(empresa)

(cargo)

(nome)

## ANEXO V

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS EN ESPAÑA OU CON PAÍSES DA UE (e ademais Liechtenstein, Islandia e Noruega)

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prejuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

---

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS EN ESPAÑA O CON PAÍSES DE LA UE (y además Liechtenstein, Islandia y Noruega)

Las partes manifiestan que conocen y cumplen la legislación europea en materia de protección de datos de carácter personal, a la que se someten de forma expresa, comprometiéndose a dar un uso debido a los datos de tal naturaleza que obtengan como consecuencia del desarrollo del presente convenio, en el marco de lo dispuesto por el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016.

Las partes se comprometen a tratar los datos de carácter personal con la finalidad exclusiva de realizar el servicio.

Las partes se comprometen a que los datos de carácter personal no serán objeto de ningún tratamiento distinto a los previstos en este convenio.

Las partes se comprometen a que los datos de carácter personal no se cederán a terceros, salvo en los casos en que exista una obligación legal.

Las personas interesadas podrán ejercer, en su caso, los derechos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación y portabilidad en los términos legales previstos, mediante la comunicación al domicilio social de la respectiva entidad.

La entidad colaboradora adoptará las medidas adecuadas para limitar el acceso de sus empleados a los datos personales durante la vigencia de este convenio.

Los datos de carácter personal deberán ser destruidos o devueltos, a criterio de la Universidade de Vigo, una vez finalizada la vigencia del convenio y en el momento en que, en cumplimiento de las condiciones pactadas o legalmente previstas, termine la relación entre ambas partes; sin prejuicio de las excepciones que la normativa y/o las decisiones judiciales puidesen establecer con respecto al mantenimiento temporal mínimo de ciertos datos que por su naturaleza así se requiera. El mismo destino habrá de darse a cualquier soporte o documento en el que conste algún dato de carácter personal objeto de tratamiento.

## ANEXO VI

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS CON PAÍSES DECLARADOS DE NIVEL ADECUADO POLA COMISIÓN EUROPEA <sup>[1]</sup>

As partes manifestan que coñecen e compren a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten expresamente, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e na Decisión <sup>[2]</sup>.....

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

[1] Os destinatarios declarados adecuados pola Comisión Europea ata a data son os seguintes países: Suiza, Canadá, Arxentina, Guernsey, Illa de Man, Xersei, Illas Feroe, Andorra, Israel, Uruguay, Nova Zelandia e Estados Unidos.

[2] Dependendo do lugar onde se encontre a entidade haberá que engadir unha decisión ou outra. O listado das Decisións atopase na web: <https://www.aepd.es/reglamento/cumplimiento/transferencias-internacionales.html>

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS CON PAÍSES DECLARADOS DE NIVEL ADECUADO POR LA COMISIÓN EUROPEA <sup>[1]</sup>

Las partes manifiestan que conocen y cumplen la legislación europea en materia de protección de datos de carácter personal, a la que se someten de forma expresa, comprometiéndose a dar un uso debido a los datos de tal naturaleza que obtengan como consecuencia del desarrollo del presente convenio, en el marco de lo dispuesto por el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016 y en la Decisión <sup>[2]</sup>.....

Las partes se comprometen a tratar los datos de carácter personal con la finalidad exclusiva de realizar el servicio.

Las partes se comprometen a que los datos de carácter personal no serán objeto de ningún tratamiento distinto a los previstos en este convenio.

Las personas interesadas podrán ejercer, en su caso, los derechos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación y portabilidad en los términos legales previstos, mediante la comunicación al domicilio social de la respectiva entidad.

La entidad colaboradora adoptará las medidas adecuadas para limitar el acceso de sus empleados a los datos personales durante la vigencia de este convenio.

Los datos de carácter personal deberán ser destruidos o devueltos, a criterio de la Universidade de Vigo, una vez finalizada la vigencia del convenio y en el momento en que, en cumplimiento de las condiciones pactadas o legalmente previstas, termine la relación entre ambas partes; sin prejuicio de las excepciones que la normativa y/o las decisiones judiciales pudiesen establecer con respecto al mantenimiento temporal mínimo de ciertos datos que por su naturaleza así se requiera. El mismo destino habrá de darse a cualquier soporte o documento en el que conste algún dato de carácter personal objeto de tratamiento.

[1] Los destinatarios declarados adecuados por la Comisión Europea hasta la fecha son los siguientes países: Suiza, Canadá, Argentina, Guernsey, Isla de Man, Jersey, Islas Feroe, Andorra, Israel, Uruguay, Nueva Zelanda y Estados Unidos.

[2] Dependiendo del lugar donde se encuentre la entidad habrá que añadir una decisión u otra. El listado de las Decisiones se encuentra en la web: <https://www.aepd.es/reglamento/cumplimiento/transferencias-internacionales.html>

## ANEXO VII

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS CON PAÍSES NON PERTENCENTES Á UE E NON DECLARADOS ADECUADOS

Ao tratarse dun país carente de lexislación equiparable ao Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, dunha decisión de adecuación ou das garantías adecuadas para a transferencia de datos de carácter persoal dende a Unión Europea, dita transferencia soamente será posible se a persoa interesada deu explicitamente o seu consentimento á transferencia de datos, tras ser informada dos posibles riscos para ela das devanditas transferencias debido á ausencia dunha decisión de adecuación ou das garantías adecuadas.

---

### CLÁUSULA PARA CONVENIOS CON PAÍSES NO PERTENENTES A LA UE Y NO DECLARADOS ADECUADOS

Al tratarse de un país que carece de legislación equiparable al Reglamento (UE) 2016/679, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, de una decisión de adecuación o de las garantías adecuadas para la transferencia de datos de carácter personal desde la Unión Europea, dicha transferencia solamente será posible si la persona interesada dio explícitamente su consentimiento a la transferencia de datos, tras ser informada de los posibles riesgos para ella de dichas transferencia debido a la ausencia de una decisión de adecuación o de las garantías adecuadas.

---

### MODELO DE CONSENTIMENTO EXPLÍCITO PARA TRANSFERENCIA INTERNACIONAL A PAÍSES NON PERTENENTES Á UE E NON DECLARADOS ADECUADOS

(Este consentimento debe efectuarse á persoa/s interesada/s e constará no formulario de recollida de datos no que deberá marcar o recadro ou nun documento elaborado ao efecto que deberá asinar)

Acepto expresa e conscientemente en que os meus datos sexan transferidos ao país/organización internacional \_\_\_\_\_ que NON ten un nivel de protección xurídica de datos persoais equiparable a España nin tampouco posúe garantías adecuadas para o seu tratamento.

---

Acepto expresa y conscientemente en que mis datos sean transferidos al país/organización internacional \_\_\_\_\_ que NO tiene un nivel de protección jurídica de datos personales equiparable a España ni tampoco posee garantías adecuadas para su tratamiento.

## ANEXO VIII

### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PARA CONVOCATORIAS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámossle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de (*concretar a finalidade da convocatoria/procedemento/actividade etc...)* \_\_\_\_\_ e amparados pola lei (*norma de Dereito da UE ou norma con rango de lei*) \_\_\_\_\_.

Coa súa participación neste (*procedemento/actividade/convocatoria etc....*) as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste (*procedemento/actividade/convocatoria/.....*) de \_\_\_\_\_. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao endereço electrónico [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamiento dos datos.

**(Caso de consentimento:)** Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, vostede consente expresamente o citado tratamiento aos efectos de cumplir coa descrita finalidade do mesmo e terá o derecho a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

**(No seu caso:)** Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán \_\_\_\_\_ (punitivas coas seguintes sancións \_\_\_\_\_ / non poder prestarlle o servizo ou celebrar o contrato / etc.)

Vostede ten derecho a solicitar ao responsable do tratamiento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamiento. Tamén terá derecho a oponse ao devandito tratamiento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10 – 1º Esq., 15004 de a Coruña (España), teléfono: 981227076, endereço electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten derecho a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## ANEXO IX

### EXERCICIO DE DEREITOS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

**RESPONSABLE DO TRATAMENTO:** Universidade de Vigo

#### DATOS DA PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE LEGAL

Nome e apelidos:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

Enderezo postal:

Localidade e Código Postal:

Provincia:

Co DNI , do que acompaña unha copia e de conformidade co previsto nos artigos 12 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á súa libre circulación por medio do presente escrito exerzo o seguinte dereito,

#### DEREITO A EXERCER (escolla unha opción)

- O acceso
- A rectificación
- A supresión
- A limitación do tratamento
- A oposición
- A portabilidade

Especificar o pedimento:

**SOLICITO:** Que se me facilite, gratuitamente, o dereito anteriormente exposto no prazo dun mes contado a partir da recepción da solicitude.

(data e sinatura)

**Sr. REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Secretaría Xeral. Edificio Ernestina Otero

Campus universitario Lagoas-Marcosende s/n 36310 Vigo

## Información para as persoas interesadas

O prazo de resposta preceptivo dun mes, poderá prorrogarse por outros dous meses, de ser necesario, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes.

### Para cubrir o formulario

Cómpre achegar a fotocopia do DNI ou do pasaporte que acredite a súa identidade para que a Universidade de Vigo poida realizar a comprobación oportuna. No caso de que se actúe a través de representación legal deberá achegarse, ademais, o DNI e o documento acreditativo da presentación do/a representante.

Así mesmo, pode acompañar os documentos que considere necesarios para o exercicio do derecho.

Dita solicitud deberá ser presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo ou ante algún dos rexistros ou oficina de correos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa referencia “protección de datos” e remitida ao seguinte endereço: Secretaría Xeral. Edificio Ernestina Otero da Universidade de Vigo, Campus Universitario, s/n, 36310 de Vigo (Pontevedra).

### No caso de denegación

Se a Universidade de Vigo non tramita a solicitude da persoa interesada, informaraa sen dilación, transcorrido un mes da recepción da solicitude, das razóns da súa non actuación e da posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

As persoas interesadas poderán poñerse en contacto co delegado/a de protección de datos da Universidade de Vigo, no que respecta a todas as cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais e ao exercicio dos seus dereitos, a través do endereço electrónico [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal) ou no endereço postal: Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avenida de Arteixo, núm. 10, 1.<sup>º</sup> esq., 15004 A Coruña.

### Información básica sobre a protección dos seus datos

Responsable: Universidade de Vigo

Finalidade: xestionar o procedemento de exercicio de dereitos de datos de carácter persoal.

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Cesións: non se prevén cesións nin transferencias a terceiros países de ditos datos.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercitar os seguintes dereitos: Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: A información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou a súa representación legal.

Información adicional: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>